


Roberto Vidal Bolaño

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 1950 - 11 de setembro de 2002

A figura de Vidal Bolaño hai que concíbila como un ente creador e interpretativo das artes escénicas. A súa vocación inicial de director de cine, en certo modo truncada nos seus comezos, lévao a enrolarse no teatro e esta circunstancia no seu labor de autor, creador, intérprete e director de cine e teatro vén supoñer o impulso que o teatro galego necesitaba para acadar a súa madurez e como tal, a súa profesionalización.

Durante a súa andadura participa en mesas redondas como moderador e relator e forma parte de comisións que elaboran estudos e estatutos para o teatro galego. Escribe obras para ser representadas en galego, exerce a crítica teatral e cinematográfica e recibe galardóns pola maioría dos seus escritos e interpretacións.




Roberto Vidal realiza estudos na Escola de Graduados Sociais de Galicia da Universidade de Santiago de Compostela e inicia a súa actividade artística e literaria co grupo de cine Lupa, do que é cofundador e no que exerce de axudante de dirección e xefe de produción en cinco das curtametraxes realizadas por este colectivo que dirixe Euloxio Ruibal. Ademais, é membro fundador da compañía de teatro Obradoiro, de curta vida. Nela intervén por primeira vez como axudante de dirección na posta en escena de *La Tuta y la Ramoneta* do autor Lorenzo Villalonga.

En 1974 participa na formación do grupo teatral Antroido para o que compón a obra **Laudamuco, Señor de ningures**, coa que, en palabras do autor, o grupo “accede á profesionalidade”.

En 1977 a editorial Pico Sacro publica con **Ledainas pola morte do Meco**, obra que vai representar o grupo As traíñas de Cariño.

Ademais, Antroido representa outras obras da autoría de Vidal Bolaño nas que este traballa como actor. É así como en 1979 estrea *Xaxara, Peituda, Paniogas, Tarela, o Rapaz e o Cachamón ou como trocar en rato pequeno ao meirande xigantón*, que recibe mención honorífica na III edición do Premio de Teatro Infantil Galego O Facho. Esta situación repítese dous anos máis tarde, na V edición, coa obra *Ruada das papas e o unto*. En 1982 o grupo escenifica **Touporroutou da lúa e do sol** e en 1983 *Romance dos figos de ouro*, representación da que podemos seguir o rastro nas programacións dos anos seguintes. Debemos destacar o importante monólogo *Caprice de dieux* en 1985.

A difusión teatral leva ó grupo a poñer en escena obras de outros autores, nas que Vidal Bolaño ten o



EL PÚBLICO 96 CARTELERIA

G

GALICIA

ANTROIDO TEATRO ■
 Director: Roberto Vidal Bolaño.
 c/ Santiago de Chile, 5, 8.ª A. Santiago de Compostela (La Coruña). Telf: (981) 59-36-41 y 59-63-77. Representante: Laura Ponte Santaseminas. c/ Santiago de Chile, 5, 8.ª A. Tif. (981) 59-36-41 y 59-63-77.

TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL
 de Roberto Vidal Bolaño. Intérpretes: Laura Ponte, Pako de Pink, Alberte de Esteban, Rodrigo Roel y Roberto Vidal.
Auto para títeres en el que se habla del origen de la luna y del sol, y de lo que sucedió en el infierno cuando tuvieron goteras por primera vez, o de cómo reencontrar tesoros y ponerse a bien con las hadas, los moros, los gigantes y las serpientes que los guardan.

ROMANCE DOS FIGOS DE OURO
 de Roberto Vidal Bolaño. Intérpretes: Esteban, Rodrigo Roel, Roberto Vidal.
Auto para títeres, en veinte taneos, cuatro coplas y un suspiro, en el que se cuenta la prodigiosa y verdadera historia de un fantoche que hubo en el Grove.

Estreno: 29 de junio de 1983. Todos los públicos. Espacio escénico en metros: Ancho, 3,5; alto, 4; fondo, 3. Iluminación: 3.000 W. Precio de contratación: 75.000 pts./función, en Galicia.

CARTELERIA 97

y 150.000 pts./función, en el resto de España.

PERCIVAL
 de X. L. Méndez Ferrín. Versión de Roberto Vidal. Dirección: Roberto Vidal. Intérpretes: Laura Ponte, Carmen Rabade, Pako de Pink, Alberte de Esteban, Rodrigo Roel y Roberto Vidal. Celebración grotesca y mayormente irrespetuosa sobre textos, cuentos, poemas, planifetos y pintadas de X. L. Méndez Ferrín.
 Estreno: 7 de mayo de 1983. Todos los públicos. Espacio escénico en metros: Ancho, 10; alto, 4; fondo, 6. Iluminación: 10.000 W. Precio de contratación: 100.000 pts./función, en Galicia, y 150.000 pts./función, en el resto de España.

ARTELLO, TEATRO ■
 c/ San Amaro, 91, 3.ª C. Vigo (Pontevedra). Tif. (986) 42-09-43.

CELTAS SIN FILTRO
 de X. L. Méndez Ferrín y Teatro Artello. Director: Eduardo Alonso. Intérpretes: Rosa Álvarez, Alfonso Agra, Ernesto Chao, Antonio Durán, Morris, Rosa Hurtado, Manuel Pombal.
En la catedral de Santiago, aparece un pozó petrolífero. Este acontecimiento da pie para analizar de forma irónica la sociedad, cultura y política gallegas.

Estreno: 27 de junio de 1983. En programación hasta junio de 1985. Todos los públicos. Espacio escénico en metros: Ancho, 8; alto, 3,75; fondo, 4,50. Iluminación: 12.000 W. Precio de contratación: 200.000 pts./función.

MANDATRUCO!
 de Teatro Artello. Dirección: Teatro Artello. Intérpretes: Rosa Álvarez, Alfonso Agra, Ernesto Chao, Antonio Durán, Morris, Rosa Hurtado, Manuel Pombal y Santiago Montenegro.
El capitán Mandatrucó, pirata sin barco, y Sevando, ciego de conveniencia, a la búsqueda de un tesoro, pasan por las más disparas situaciones: tribus, caribales, tormentas, monstruos, etc.

Estreno: 29 de abril de 1982. En programación hasta junio de 1984. Píblico preferente: Infantil. Espacio escénico en metros: Ancho, 7,50; alto, 3,75; fondo, 4,50. Iluminación: 6.500 W. Precio de contratación: 170.000 pts./función.

CACHARELA TEATRO □
 Directora: Nuria Palmino.
 Avda. Oza Ferrín, s/n. Vigo (Pontevedra). Tif. (986) 37-51-11. Representante: Rosa Iglesias Velloso. Avda. de Buenos Aires, 41. Vigo (Pontevedra). Tif. (986) 37-66-18.


seu papel. En 1975 representa a Xan o Panteira na obra de Blanco Amor, *Amor e crimes de Xan o Panteira*. En 1985 interpreta, e igualmente dirixe, a versión que el fai da obra de Méndez Ferrín, *Percival*.

Paralelamente xorde nel a idea de crear un grupo filial de Antroido, ó que denomina Obradoiro de aprendizaxe teatral Antroido e que está dirixido a actores noveis que entre outras experiencias levan a escena, en 1980, *Memorias de mortos e ausentes*, conseguindo unha mención de honra na VI edición do premio Abrente de Ribadavia.

A finais dos anos 70 forma a cooperativa teatral galega **Teatro do Estaribel** para a que en 1978-79 elabora xunto ós seus compañeiros as bases para crear un teatro estable galego.



En 1980 a compañía representa en San Domingos de Bonaval de Santiago, baixo a dirección de Eduardo Alonso, *Bailadela da morte ditosa* premio Abrente do mesmo ano que se publicaría en 1992.



En 1984 o Centro dramático Galego (CDG) estrea a súa obra **Agasallo de sombras**, a primeira obra representada integramente en galego polo CDG e pola que Gustavo Luca de Tena define a Roberto como “el primer dramaturgo gallego”.



Biblioteca 114
El Correo Gallego

Roberto Vidal Bolaño

Agasallo de Sombras

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Relacións Institucionais

Agasallo de sombras

Des que, non sen poucas dificultades, descubrín o TEATRO DE MASCARAS de Don Ramón Otero Pedrayo, algunha das súas pezas vén exercendo sobre min unha meiguice enfermiza da que só acerto a me ceibar, e sempre de xeito fuxido, contra-poñéndolle unha lectura a tempo desas cadeiras da indisciplina teatral que pra min son A TENTACION DE SAN ANTONIO de Gustavo Flaubert e o FAUSTO de Goethe. Propostas de espectáculo imposible onde as haxa, máis alá de pitoñismos temporais ou de capacidades técnicas coñecidas.

FICHA TECNICA:
AGASALLO DE SOMBRAS (1984)
Autor: Roberto Vidal Bolaño

Reparto, por orden de intervención:

Rosa Elina Luaces
Rosalia Dorotea Bárcena
Manuel Murguía Xoan Luis
Goberna
A tisis Carme Rabade
Aurelio Aguirre Xavier R.
Lourido
O Museo Xulio Castillo
Dona Tereba Mabel Rivera
Eduardo Pondal Canco Ramonde
Benito Vicetto Ernesto Chao
Anxos e Demos Fernanda
Cabrera
Edgar Allan Poe Francisco
Cadaaval
Camareiro Fernando
Pedrido
A Reina Saba Pilar Rodríguez
Luisa Veira
Emilia Pardo Bazán Paloma Tomé

George Sand, Heine, Flaubert, Mulleres e homes de Compostela, Cregos, Corvos, Anxos, Santos, Porcos, Xigantes e Demos.

Escenografía Ventura Cores

Deseño e realización de atrezzo, máscara, cabezudos, mómoros e marionetas: J. Méndez

Deseño de vestuario: Antonio Francisco Simón

Realización de vestuario Traxes homes: Manuel Blanco
Traxes mulleres: Lola Lago Area

Música: Emilio Cao
Técnico grabación Xosé Goicoa

Coreografía Anxo Martis

Iluminación: Paco de Pink
Axudante de Dirección: Rodrigo Roel

Dirección Roberto Vidal Bolaño

En 1988 participa como actor e deseñador de iluminación de *Espectros*, un espectáculo baseado en obras de Otero Pedrayo, autor que influiría moito na súa concepción teatral.



Centro Dramático Galego presenta:

ESPECTROS

PUBLICIDADE PATROCINADA POR:
aguas de **MONDARIZ**

Centro Dramático Galego



XUNTA DE GALICIA
Consellería de Cultura e Espirito

En 1989, cando Damián Villalaín ostenta a dirección do CDG, Vidal Bolaño pon en escena de xeito innovador, xunto a John Eastmann e en colaboración co grupo de teatro Chévere do que este é director, a obra *Salomé* de Oscar Wilde.

Esta colaboración co CDG lévao a firmar un convenio denominado “Camiños teatrais” considerado xa histórico, con FITEI, siglas que engloban á compañía de teatro de Braga e teatro do Noroeste de


Viana do Castelo. Con isto búscase a interconexión cultural entre Galicia e Portugal a través das compañías de teatro. Para este proxecto escribe *Mar revolto* sobre o secuestro de pasaxeiros do transatlántico Santa María, no que se protesta contra as ditaduras de Salazar e Franco.

En 1999 Manuel Guede como director do CDG encárgalle dirixir a obra de Daniel Cortezón, *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, que se representa durante todo o verán na Igrexa da Universidade de Santiago. Esta colaboración co CDG, que perdura ata o seu pasamento, ben como autor (*A burla do galo*), como actor ou como director, levan o seu labor escenográfico ó seu punto álxido, sobresaíndo a posta en escena de *Rosalía* de Otero Pedrayo que se estrea no ano 2001 no Teatro Principal de Santiago.



Durante este tempo as súas obras son representadas por diversos grupos teatrais. En 1988 a Compañía UVEGA Teatro interpreta en Verín *Cochos*, cunha proposta arriscada sobre o tema da emigración.

En 1992 funda con Belén Quintáns o grupo “Teatro de Aquí” co que pon en escena o máis sobresaínte da súa produción: en 1993 é actor en *Días sen gloria* que dirixe Quico Cadaval; en 1995 actúa en *A opera de a patación*, adaptación súa do texto de Brech, dentro da programación dos circuitos culturais da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia; en 1996 actúa en *O Desengaño do Prioiro* e en 1998 dirixe a que está considerada a súa obra máis perfecta, *Rastros*, na casa da Cultura de Vilagarcía de Arousa en colaboración co IGAEM e, finalmente, é tamén con Teatro de Aquí con



quen participa na que será a súa última dirección *Animaliños*.



TEATRO DO AQUÍ

Representante
Belén Quintáns
Teléfono: 981-573837
Salvadas, 9-1º
15705 Santiago
A Coruña



Título
A ópera de A Patacón

Autor
Roberto Vidal Bolaño
sobre textos de J. Gay e B. Brecht

Director
Roberto Vidal Bolaño

Datos técnicos

Público preferente	Potencia eléctrica:
Tódolos públicos	20.000-35.000 W
Persoas en sira: 3	Necesidades técnicas:
Duración: 1 h. 30 min.	Tempo de montaxe: 2 h.
Espacio escénico en m:	4-5 h.
Boca: 6-9 m	Escuridade total.
Fondo: 4-7 m	
Alto: 3-5 m	



Foi membro do xurado da V edición do premio Abrente de Teatro Galego e moderador e relator en diversas mesas de teatro. É por iso que participa co seu estudo “O Movemento teatral galego. Oríxenes, evolución e situación actual”, na I Mostra de teatro popular de Vigo; “O actor de teatro en Galicia”, na V Mostra de Teatro Galego de Ribadavia; “Metodos Creativos dos grupos de teatro galegos”, na II Mostra do Teatro-Galego da Coruña, “Alternativas para un teatro profesional galego”, nas I Xornadas de Cultura Gallega sobre as perspectivas do teatro actual.

¿Un sistema literario normalizado?

Os participantes neste debate coincidían en que unha das eivas do sistema literario galego é que o propio país está aínda sen normalizar culturalmente. Como exemplo, Cid Cabido leu un fax enviado á editorial Xerais por un alumno dun instituto. O estudante facía

chegar a súa opinión sobre un libro de lectura obrigatoria. “Me llamo José Manuel y soy de Vilagarcía de Arosa. Les escribo para darles mi opinión acerca de un libro que no es más que una absurda burrada, una verdadera caca, parece el culebrón que


echan por las tardes en la Primera. Como se habrán dado cuenta les escribo en castellano, el motivo es simple porque me sale de los cojones, a mi nadie me obliga a escribir en gallego y a hablar en gallego, ya me llega con la pedorra de la maestra del instituto

[...]. No crean que esta forma de pensar es sólo mía. La mayoría de los chavales de mi edad piensa de esta manera, porque todo español tiene derecho a escribir la lengua en la que quiera expresarse, por lo tanto la asignatura de gallego debería ser optativa.

Además es una lengua desfasada y propia de gente con poco nivel cultural, de idiotas. Los jóvenes castellanohablantes, la mayoría, estamos hartos de que los galleguistas cambien los nombres de pueblos y instituciones por otros que ellos consideran ga-

llegos. En esto último se tuvieron que joder, porque la Seat no cambió los rótulos de Arosa. Esto se tiene que acabar, y acabará con la próxima generación de gallegos. Sin más que decir, les envío un saludo. ¡Viva el castellano! ¡Fuera el gallego, catalán y vasco!”


DE AUTORES E PERIFERIAS



Roberto Vidal Bolaño. Aínda que todos escribisemos con esa vontade de universalidade, iso non abondaría para equiparar o sistema literario galego co irlandés. De entrada, escribir en inglés supón escribir para unha chea de millóns de persoas. Ademais, hai unha chea de narrativa americana na que un describe unha rúa e hai moita xente que sabe como é porque a veu no cine. Non podemos ter unha literatura central a respecto do mundo se non temos un cine, ou un teatro, ou unha pintura, porque nós entendemos determinados códigos da narrativa doutros países, porque eses países se comunican con nós a través desoutras formas de expresión ademais das estritamente literarias. Non pode funcionar o territorio literario se non funcionan os demais. E penso que hai poucas realidades culturais que eu coñeza de preto nas que o autismo

Roberto Vidal recibiu do teatro, xa en vida, o recoñecemento que este lle debía. Foi galardoado en numerosas ocasións como dramaturgo, actor, director e incluso iluminador teatral (para o que usa o pseudónimo de Julia Brens). Recolle o premio Abrente en 1976 por *Laudamuco, señor de ningures*; consegue mencións honoríficas no III Concurso de teatro infantil O Facho por *A Xaxara, Peituda, Paniogas, Tárelo e o Cachamón, ou como trocar en rato pequecho ao meirande xigantón*; e no V Concurso por *Ruada das papas e do unto*. Obtén outra mención de honra no VI Concurso Abrente de 1978 por *Memorias de mortos e ausentes*. É Premio Abrente 1980 por *Bailadela da norte ditosa* que estreou o Equipo Estaribel do que formou parte Antroido entre 1980 e 1981. En 1984 consegue a medalla de ouro Ciudad de Valladolid ó mellor texto teatral de autor vivo por *Percival*, peza baseada en textos de Mendez Ferrín. En 1991 gaña o premio Cunqueiro por *Saxo Tenor*.







En 1992 *Días sin gloria* obtén o premio Rafael Dieste e é finalista do premio nacional de literatura. En 1994 é premio Xacobeo polas *Actas escuras* e en 1997 *Anxeliños* consegue o premio ó mellor texto orixinal na II edición dos Premios María Casares y *Doentes* el premio Rafael Dieste.

No ano 2002 a revista *A trabe de ouro* publica “Sen ir máis lonxe”, texto que Méndez Ferrín considera como o testamento teatral de Vidal Bolaño.



A súa intervención no campo cinematográfico, ben como director, guionista ou intérprete, acadou a mesma resonancia que a súa faceta teatral.



Ana Barbazán Iglesias
Bibliotecaria